



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABRAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL DE 11 PEÓNS PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE INTEGRACIÓN LABORAL PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral a tempo parcial de 11 peóns para a execución de obras e servizos mínimos municipais ao abeiro da resolución de aprobación de bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais 2021, coa finalidade de dar cumprimento á realización dos servizos subvencionados das actividades relacionadas cos servizos mínimos que figuran no artigo 25 e 26 da Lei 7/1985 e pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.

2.- PERÍODO, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, ACTIVIDADES A REALIZAR POLO PERSOAL CONTRATADO E SALARIO.

Contrato laboral de duración determinada (artigo 15.1.do E.T; RD 2720/1998) a tempo parcial, para a realización dunha obra ou servizo determinado (30 horas semanais) e por un período de sete meses vinculado ao Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-Concellos Reactiva 2021, convocado pola Deputación Provincial da Coruña.

As actividades a realizar polo persoal contratado son as relacionadas cos servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O salario bruto mensual, incluída a parte proporcional das pagas extras é de:896,26 euros.

3.- PUBLICIDADE

A publicidade levarase a cabo no tabolerio electrónico, na páxina web municipal, nun diario dos de maior difusión e mediante edicto municipal.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

4.1. Requisitos xerais. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos xerais conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro:

a.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b.- Poseer a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte.

c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Sólo por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d.- Non atoparse incurso en causas de incompatibilidade.

e.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público.

f.- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

g.- Estar en posesión da documentación acreditativa do celga 1, correspondente ou validación ao mesmo nivel, no caso de que se posúa.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Comunidades Autónomas que gocen das dúas linguas oficiais. Para o caso de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

4.2. Requisitos específicos. Conforme ao previsto nas Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-Concellos Reactiva 2021, as persoas a contratar no programa deberán estar entre as recollidas nas devanditas bases como incluídas en situacións de exclusión laboral. Estas situacións, que deberán ser cumpridas polos candidatos/as para ser admitidos/as ao proceso selectivo no momento da presentación das solicitudes para participar, serán alomenos unha das seguintes situacións, que serán acreditados/as fehacientemente no momento da solicitude para participar no proceso de selección por medio de informes dos servizos sociais municipais ou autonómicos, así como certificados ou documentos expedidos por unha administración pública, acreditativos da circunstancia que se faga valer para ser admitido:

-Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.

-Maiores de 45 anos.

-Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida pola administración competente, unha discapacidade nun grado igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo Concello no proceso de selección das persoas a contratar.

-Personas desfavorecidas que estén en algunha das seguintes situacións: drogodependencia, vivir nun fogar onde ninguén teña emprego, persoas sen fogar, persoas con fogar monoparental e persoas con problemas para encontrar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.

-Parados de longa duración. Aos efectos deste programa considéranse como parados de longa duración aquelas persoas que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.

-Personas vítimas de violencia de xénero.

-As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que se acreditará presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia. Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo habilitado de presentación de instancias.

5.- SOLICITUDES

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo presentarase preferentemente pola Sede Electrónica do Concello de Santa Comba, durante o prazo de CINCO DÍAS HÁBILES contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro electrónico e nun diario dos de maior difusión

Igualmente, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: luzconcello@gmail.com (durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias).

Será necesario presentar orixinal ou copia da documentación relativa aos requisitos mínimos necesarios para a admisión dos/das candidatos/as, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal, no caso de non ser aportada, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes do nomeamento do/a candidato/a comprobarase fehacientemente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, así como a composición do tribunal. Nesta resolución, que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro electrónico, indicaranse nome e apelidos e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación precisa para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas, a listaxe de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución de Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicárase na páxina web do concello e taboleiro electrónico.



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (Celga 1), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. NO caso de ser cualificado/a como non apto/a /a candidato/a quedará automaticamente excluído.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema selectivo elixido será o de concurso-oposición.

6.1. Fase de oposición. Máximo 6 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dunha proba tipo test de 20 preguntas con tres respostas alternativas das que só unha resposta será a correcta, nun tempo máximo de 40 minutos. Cada pregunta correcta terá unha puntuación de 0,30 puntos. As respostas incorrectas ou non contestadas non penalizarán.

A proba cualificarase de 0 a 6 puntos, sendo eliminados os aspirantes que no acaden unha puntuación mínima de 3 puntos.

Rematada a fase de oposición realizarase a fase de concurso cos/coas aspirantes que superen a fase de oposición.

O temario sobre o que versará a fase de oposición é o seguinte:

Tema 1.- A Constitución española de 1978.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente.

Tema 3.- Organización municipal específica no Concello de Santa Comba: Pleno, Alcalde, Xunta de Goberno e Comisións Informativas.

Tema 4.- A Lei de Prevencións de Riscos Laborais. Medidas de seguridade e hixiene no traballo.

Tema 5.- Coñecementos do municipio de Santa Comba.

Tema 6.- Conceptos xerais sobre albanelería. Ferramentas, usos, ordenación e mantemento.

Tema 7.- Materiais de construción. Aparellos: tipos. Principais reparacións e traballos de albanelería.

Tema 8.- Limpeza de espazos públicos, parques e xardíns. Limpeza de mobiliario urbano. Técnicas de limpeza.

Tema 9.- Limpeza pública. Tipos de traballo a realizar polos operarios do Servizo de Limpeza. Organización do servizo de limpeza.

6.2. Fase de concurso. Máximo 4 puntos.

A fase de concurso será valorada do seguinte xeito:

-Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, relacionados coa materia obxecto de contratación, con acabado favorable: 0,50 por cada programa ata un máximo de 2 puntos.

-Por cursos de formación relacionados exclusivamente coa materia obxecto de contratación:

- De 25 a 50 horas: 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas: 0,40 puntos.
- Máis de 101 horas: 0,60 puntos.

Puntuación máxima no apartado de cursos de formación: 1 punto.

-Por desempeñar funcións similares en calquera administración pública ou empresa privada relacionadas co posto a desempeñar: 0,10 puntos/mes traballado. Máximo 1 punto.

No caso de empate das puntuacións totais finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1º. A maior puntuación obtida na proba teórica de fase de oposición.

2º. Maior antigüedad en situación de desemprego.

7.- COÑECEMENTO DO GALEGO.

Conforme establece a Lei de emprego público de Galicia nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Nese caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos en posesión do Celga 1 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida, os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa.

Neste caso, realizarase unha proba que acredite o coñecemento da lingua galega que será realizado con posterioridade á fase de oposición e antes da fase de concurso. A proba consistirá nun exame tipo test de seis preguntas con tres respostas alternativas das que



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

só unha resposta será a correcta, nun tempo máximo de dez minutos. As respostas incorrectas non contarán negativo. É preciso ter un mínimo de tres respostas correctas para que o exercizo acada a cualificación de apto.

O Tribunal contará co asesoramento da Normalizadora Lingüística do Concello e cualificará as/aos aspirante/s como aptos/as ou non aptos/as. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

8.- SELECCIÓN DOS ASPIRANTES E PUNTUACIÓN FINAL

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis na fase de concurso.

O Tribunal despois da cualificación dos aspirantes publicará a lista de aprobados, elevando a proposta de contratación ao Sr. Alcalde-Presidente das 11 persoas seleccionadas por orde de puntuación. A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

O Tribunal publicará a listaxe coa cualificación definitiva dos aspirantes por orde de puntuación no Taboleiro electrónico, así como na páxina web. No caso de que un aspirante seleccionado renunciara, considerárase proposto o seguinte da listaxe por orde de puntuación.

Con carácter previo á contratación, os/as candidatos/as deberán presentar a seguinte documentación:

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.

-Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

-Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

-Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.

Na acta de sesión, incluírase unha relación dos aspirantes que non foran incluídos na relación de aprobados e proposta de designación, co fin de que, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

9.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro e coa actual lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o Tribunal estará composto por un presidente, tres vogais e un secretario, que serán nomeados na resolución de admitidos-excluídos.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Todos os vogais deberán ter a titulación igual ou superior ao posto de traballo que se convoca.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ou no artigo 13.2 do RD 364/1995 do 10 de



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA DO CONCELLO, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

marzo. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estimen pertinentes, e estos limitaranse unicamente ó exercizo das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaboraran co órgano de selección.

Tódolos membros do Tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán os que obteñan as once mellores puntuacións na fase de concurso-oposición.

O contrato formalizarase por escrito cos/as aspirantes seleccionados/as. Mentres non se formalice o contrato, os/as aspirantes propostos/as non terá dereito á percepción de cantidade económica algunha. Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do emprego Público de Galicia e normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

11.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En virtude do establecido na Lei 3/2018 de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, os datos facilitados polas persoas participantes neste proceso de selección de persoal laboral temporal serán tratados por parte do Concello de Santa Comba como Responsable de tratamento con dirección en Praza do Concello 1, 15840 Santa Comba (A Coruña).

A finalidade para o tratamento de datos persoais é a selección de persoas para a súa contratación laboral temporal polo Concello de Santa Comba tendo como bases de lexitimación as seguintes:

Art.6.1.c) RXPD Cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento

Art 6.1.e) RXPD: O tratamento é necesario para o cumprimento de unha misión de interese público ou de poderes públicos.

Naqueles casos nos que a persoa interesada declare datos na súa solicitude, de acordo coa Disposición adicional 8.ª da LOPDGDD, a administración poderá realizar as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos mesmos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Os datos non serán tratados nin cedidos por terceiros, salvo obriga ou previsión legal de cesión a outros organismos con competencias na materia.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), oposición, limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser obxecto de decisións automatizadas, mediante escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, dirixido ao Responsable, o Concello de



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA Comba (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

Santa Comba, Praza do Concello 1, 15840 Santa Comba (A Coruña), a través do formulario electrónico dispoñible en <https://sede.santacomba.es> ou solicitando máis información no correo electrónico dpd@santacomba.es . A persoa interesada tamén ten dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Santa Comba,

O ALCALDE,

Asdo.: David Barbeira García